



## Concurso de Traballos por Proxectos 2023/24

<b>Código:</b> 15005932	<b>Centro:</b> CEIP de Curtis
<b>Provincia :</b> A Coruña	<b>Localidade:</b> Curtis

### 1.- INTRODUCCIÓN

O presente proxecto foi realizado no curso 2023-2024 no CEIP de Curtis polo alumnado de 1º curso de Educación Primaria.

Dito centro escolar está situado nunha zona rural no pobo de Curtis onde se localizan dúas importantes empresas de transporte relacionadas tamén co traballo dunha fábrica de chapa de madeira que emprega a boa parte das familias do alumnado. O proxecto xurdiu en relación á unidade didáctica de Ciencias Sociais programada para o terceiro trimestre do curso, tendo en conta o Proxecto Interdisciplinar de Centro da biblioteca para os dous próximos cursos escolares titulado “Galicia somos nós”. Vendo que por diante do centro escolar transitan a diario transportes de mercadorías que se dirixen a dita fábrica enlazamos este feito cotiá que os nenos e as nenas observan dende a fiestra da súa aula coa unidade de Ciencias Sociais “Os medios de transporte”, aproveitando tamén a colaboración de diversos profesionais do sector e co obxectivo de usar as redes sociais como elemento ao servizo da educación.

### **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS ESTABLECIDOS PARA O PROXECTO.**

- Investigar sobre o transporte de mercadorías terrestres.
- Fomentar a comprensión oral a través de diferentes fontes.
- Implicar as familias do alumnado no proceso e ensinanza aprendizaxe.



- Poñer en valor a sabedoría das persoas que se adican ao transporte de mercadorías como fonte de coñecemento e información seguindo a idea das “bibliotecas vivas”(“bibliotecas vivientes”).
- Aprender a usar as tecnoloxías da información e a comunicación e as redes sociais dun xeito útil para formarnos como cidadáns así como darlles un uso responsable.

Todos estes obxectivos relaciónanse a continuación co establecido no decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

**OBXECTIVOS DE ETAPA .** Contribúese aos seguintes:

-Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

-Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e castelá.

-Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

Posto que se articula como un proxecto interdisciplinar no que conflúen contidos de varias áreas nel hai obxectivos, contidos e criterios de avaliación das áreas de Ciencias Sociais, Lingua Galega e Educación Plástica e Visual.

A continuación especificase como se adaptaron os obxectivos do currículo para este proxecto:



**CIENCIAS SOCIAIS**

OBXECTIVOS DA ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	CC
<p>OBXECTIVO 1.</p> <p>Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, comunicarse e traballar en equipo.</p>	<p>CA1.1.- Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura de acordo coas necesidades educativas.</p>	<p>-Ocupación e traballo.</p> <p>Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</p> <p>-Proposta de traballo xurdida dun acontecemento da contorna. Estratexias de traballo cooperativo.</p>	<p>CD</p>
<p>OBXECTIVO 3 .-</p> <p>Identificar as características dos</p>	<p>CA2.2.- Recoñecer conexións sinxelas e directas entre</p>	<p>-Retos sobre situacións cotiás.</p>	<p>CD</p> <p>CPSAA</p> <p>CCL</p>



diferentes elementos do medio social analizando a súa organización e establecendo relacións estre estas.	elementos do medio social por medio da observación.	Itinerarios, traxectos e viaxes.  -Coñecemento da nosa contorna. Acción humana sobre o medio.	
--	---	---	--

### **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL**

OBXECTIVOS DA ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	CC
OBXECTIVO 4.- Participar no deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na	AC2.4.- Tomar parte no proceso creativo de creación de producións culturais e artísticas, usando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.  2.5.- Compartir as experiencias	-Fases do proceso creativo:  planificación guiada e experimentación.  -Valoración e interese, tanto polo proceso como polo produto final, en producións plásticas.	CCL CC CCEC



consecución dun resultado final.	creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.		
----------------------------------	---	--	--

### **LINGUA E LITERATURA GALEGA**

OBXECTIVOS DA ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS	CC
OBXECTIVO 2.- Comprender e interpretar textos orais identificando o sentido xeral e a información máis relevante.	CA2.1.- Comprender o sentido de textos orais, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e iniciándose na valoración do contido e da información.	-Elementos básicos do contido. -Interese pola ampliación de vocabulario básico. -Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos en lingua galega.	CCL CP CC



	C12.2.- Aumentar o vocabulario básico a partir das experiencias da aula.	-Interacción oral adecuada na aula respecto ás normas , usando un vocabulario e unha secuencia coherentes.  - Comprensión global de textos orais, recoñecendo as ideas principais.	
OBXECTIVO 5.-  Producir textos escritos e multimodais seriando os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación,	CA 3.7.- Elaborar con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar a partir de modelos dados mobilizando estratexias elementais de	-Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados á súa idade.  -Lectura en voz alta con entoación e ritmo adecuados.	CCL CPSAA CC



redacción, revisión e	planificación textual e revisión.		
--------------------------	--------------------------------------	--	--

### **CALENDARIO:**

-No comezo do mes de abril realizouse unha introdución ao tema dos transportes de acordo coa programación establecida a comezo de curso.

-Nos últimos 20 días do mes de abril realizouse a visualización de vídeos e reflexión sobre os mesmos relacionadas cos diferentes tipos de transporte de mercadorías. Elaboráronse documentos de recollida desta información.

-Na primeira quincena de maio realizáronse varias sesións orais de reflexión sobre o traballo aprendido e recolleuse nun vídeo-resumo.

- Na segunda quincena de maio organizouse o traballo de elaboración de vídeos coas familias participantes usando a plataforma Abalar.

-Na primeira quincena de xuño procedeuse a realizar a última parte do proxecto cos vídeos enviados polas familias e a realización dos traballos de exposición escrita e oral do aprendido.

-Nos últimos días lectivos de xuño realizouse o vídeo- resumen desta última parte e fíxose unha sesión de reflexión oral dando por finalizado o proxecto.

### **ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE**

O proxecto foi levado a cabo na aula de 1º de Educación Primaria pola mestra titora Ana Naveira Vázquez.



## 2.- OBXECTO

O tema da investigación estaba referido a afondar no coñecemento dos medios de transporte, das mercadorías que son transportadas así como na comprensión global do proceso completo dende que un obxecto se fabrica ata que chega ao seu destino. Dado que son alumnos de 1º pareceunos importante a proximidade de todos estes elementos no seu día a día e o valor que podían ter para entender como o local se pode relacionar co internacional e como o que pasa no noso pequeno pobo pode ter un alcance mundial.

Vendo que o alumnado está moi familiarizado coas redes sociais e conectando, ademais, este feito coa idea das “bibliotecas vivas”(“bibliotecas vivientes”) pretendemos fomentar un uso positivo das redes sociais e as novas tecnoloxías, creando nelas un contido educativo. Ao mesmo tempo quérese poñer en valor a información e o coñecemento que os profesionais formados dese sector nos poden transmitir. Mais non queremos ser meros receptores, é por iso que tratamos de establecer un intercambio mostrándolles o coñecemento que xeran en nós.

## 3.- PROCESO

A proposta elaborouse seguindo o seguintes esquema:

1º Introducción aos medios de transporte con traballos no caderno do alumnado.

2º Publicación do traballo realizado a través do Instagram da aula.

<https://www.instagram.com/reel/C55jZ4nNd94/?next=%2F>

3º ACTIVIDADE DE MOTIVACIÓN: Recepción dun vídeo no que un profesional do transporte conta que veu o noso traballo e invita a outras persoas a contarnos que fan.

4.- Recepción diaria dun vídeo sobre transportes diferentes, visualización dos mesmo e elaboración dunha ficha a modo de resumo sobre o contido do mesmo.





5.- Publicación diaria no Instagram da clase e nas stories do Instagram do centro do traballo realizado. Todos eles poden consultarse na páxina da aula @a\_aula\_de\_ana. A continuación enlázanse algúns a modo de exemplo

[https://www.instagram.com/p/C6lylawtUbj/?next=%2F\\_](https://www.instagram.com/p/C6lylawtUbj/?next=%2F_)

<https://www.instagram.com/p/C6LIPUANL2S/?next=%2F>

6.-Publicación no Instagram da aula, da escola e na páxina web do centro dun vídeo resumo desta parte do traballo.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcurtisestacion/node/1467>

7.- Recepción de vídeos de persoas da comunidade escolar que traballan nas 2 empresas de transporte máis importantes do pobo, visualización e elaboración de fichas resumo. Publicación no Instagram da aula.

8.- Recepción e visualización de vídeos de pais e nais do alumnado que traballan na fábrica do pobo explicando o proceso de realización das mercadorías (chapa de madeira). Visualización dos mesmos, posta en común oral da información recibida, esquematización da mesma e elaboración dunha ficha resumo. Publicación no Instagram da aula.

9.- Recepción do vídeo dun pai que vende as mercadorías da fábrica do pobo no sudeste asiático, visualización do mesmo, búsqueda de países no mapamundi e elaboración dunha ficha resumo. Publicación no Instagram da aula.

10.-Elaboración dun libro para deixar na biblioteca con todos os materiais elaborados e elaboración de un vídeo desta segunda parte do proxecto compartido polo Instagram do centro, o da aula e na páxina web do centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcurtisestacion/node/1467>

#### 4.- DOCUMENTACIÓN



### **DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO**

- Guión sobre a estruturación da primeira parte do traballo.
- Planificación e secuenciación dos diferentes tipos de transporte.
- Organización das sesións de reflexión oral na aula.
- Elaboración de un guión sobre os contidos a mostrar nos vídeos elaborados polas familias.

### **DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O ALUMNADO**

- Vídeos documentais sobre cada un dos tipos de transporte.
- Fichas-resumo sobre cada un dos transportes.
- Selección bibliográfica dos recursos escritos dispoñibles na biblioteca do centro.
- Vídeos documentais realizados polas familias.
- Fichas de recollida da información obtida nos vídeos das familias.

## **5.- TAREFAS**

As tarefas do proxecto organizáronse de xeito diferente en 3 bloques:

### **BLOQUE INTRODUTORIO**

-Realízanse procuras na rede sobre os medios de transporte e elabórase o contido no caderno do alumnado e consúltanse os fondos bibliográficos da biblioteca.

### **BLOQUE 1.- TRANSPORTE DE MERCADORÍAS NA ESTRADA**

As actividades deste bloque seguiron en todos os casos o seguinte esquema:

- 1º.-Recepción e visualización na biblioteca do vídeo sobre o tipo de transporte específico programado para ese día.
- 2º.- Reflexión en gran grupo sobre a información obtida no vídeo e organización oral dos conceptos máis importantes.



3º.- Realización de unha ficha con toda a información recollida. Todas elas poden verse na seguinte carpeta drive. Traballáronse os seguintes tipos de mercadorías transportadas: plástico, cristal, rodas, cereal para animais, líquidos, alimentos frescos, material de construción, metal así como diferentes aspectos curiosos da profesión.

<https://drive.google.com/drive/folders/1IEM7Oqlp3qSzBGTet5ckQMJq4dQFpB5x>



Ademais poden visualizarse os vídeos enviados polos diferentes profesionais nas publicacións do Instagram da aula. Enlázanse algunhas a modo de exemplo.

<https://www.instagram.com/p/C6VvJ44N1v8/?next=%2F>

<https://www.instagram.com/p/C6LIPUANL2S/?next=%2F>

4º Finalmente realizáronse varias sesións de reflexión, revisión e avaliación dos contidos traballados. Incidiuse no proceso completo de transporte e como consecuencia elaboráronse 2 murais



## **BLOQUE DE PREPARACIÓN DA 2º PARTE**

- Primeira sesión: fíxose oralmente unha chuvia de ideas na que os nenos e nenas aportaban ideas sobre que empresas do concello poden estar relacionadas co noso proxecto e de que maneira.
- Segunda sesión: elaborouse un guión básico sobre a información que podían achegarnos os familiares, nel especificábanse os seguintes aspectos: nome, onde traballa, en que consiste o seu traballo, outros datos interesantes.



## **2ª PARTE: DE CURTIS PARA O MUNDO**

Os familiares foron enviando vídeos referentes ao seu campo de traballo. O esquema de traballo replicou a primeira parte pero referido á información que nos trasladaron coa seguinte variación: na primeira parte un neno/nena elaboraba a ficha-resumo coa axuda dun compañeiro/a. Nesta segunda parte traballamos en equipo de xeito que colaborativamente elaboramos as fichas entre todos. Dado que nesta parte traballamos especificamente sobre a nosa contorna e o Proxecto Interdisciplinar do Centro para este ano leva por título “Galicia somos nós” todas as fichas de este bloque levan o logo do proxecto. Inclúense ademais localización en mapa, realización de esquemas e manipulación de materiais.

## **1.-VÍDEOS E FICHAS DE DAS EMPRESAS DE TRANSPORTE DO CONCELLO**

<https://www.instagram.com/p/C7jhn8qtSwU/?next=%2F>




<https://www.instagram.com/p/C8h6bY1NRKm/?next=%2F>



## 2.-VÍDEOS E FICHAS REFERIDOS ÁS ACTIVIDADES REALIZADAS NA FÁBRICA

<https://www.instagram.com/p/C76hwjwNDtR/?next=%2F>

<https://www.instagram.com/p/C8XGIv9Nzkh/?next=%2F>



## 3.-VÍDEOS E FICHAS REFERIDOS ÁS EXPORTACIÓNS DA FÁBRICA

<https://www.instagram.com/p/C8ZrkJGtUDX/?next=%2F>





## 6.- RECURSOS

**ESPACIAIS:** a biblioteca como espazo de procura de información en diferentes soportes así como lugar de realización das asembleas.

**INFORMÁTICOS:** recepción de vídeos informativos a través de Instagram, procuras na rede para afondar en certos aspectos específicos de cada transporte.

**PERSOAIS:** xa que para a realización deste proxecto tomouse o exemplo das bibliotecas humanas iniciadas en Copenhague no ano 2000, os recursos persoais son o recurso central e vertebrador de todo o traballo realizado.



**BIBLIOGRAFÍA:** libros dispoñibles na biblioteca do centro. Móstranse aquí algúns deles.

## 7.- IMPLICACIÓN

-As familias colaboraron activamente durante a realización da primeira parte do proceso seguindo as publicacións e difundindo os traballos nas súas redes así como enviando materiais e información sobre o tema tratado.

-Tamén colaboraron diferentes asociacións profesionais difundindo o noso traballo nas stories diarias. Algunhas delas son: <https://www.instagram.com/impulsorasdeltransporte/#> <https://www.instagram.com/difundalia/#> , <https://www.instagram.com/cetmtransporte/#> .

- O equipo de biblioteca implicouse na procura de recursos así como na habilitación de recunchos para levar a cabo todo o proceso.



-O equipo TIC (do que forma parte a titora da aula de 1º) colaborou engadindo os vídeos do proxecto no mapa interactivo elaborado para o PDI coordinado pola biblioteca.


## 8.- DIFUSIÓN

-Instagram da aula @a\_aula\_de\_ana e do centro @ceipcurtis

As publicacións realizadas neste medio fixéronse a modo de colaboración cos profesionais do sector do transporte, desta maneira queremos facer constar a reciprocidade no proceso, de xeito que

-Mapa interactivo realizado para a exposición do PDI do centro no que se engadiron os vídeos realizados.

-Exposición aos compañeiros e compañeiras de ciclo: os nenos e nenas de 1º expoñeron os seus traballos sobre cada un dos transportes ao alumnado de segundo curso.-Páxina web do centro no apartado adicado á aula de 1º compartíronse os enlaces dos vídeos.



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcurtisestacion/node/1467>

-A través das publicacións de diferentes asociacións de transporte como por exemplo a Confederación Española de Transportes de Mercancías.

## 9.- AVALIACIÓN

TÉCNICAS:

-Rúbricas acordo aos criterios de avaliación establecidos previamente.

-Listaxes de cotexo para valorar a consecución dos obxectivos propostos.

-Diario da mestra, recollida dos datos do proceso.




## PROCEDEMENTOS.

- Observación directa na aula durante a realización das actividades.
- Valoración dos traballos realizados.

## 10.- BIBLIOTECA

-A biblioteca é o eixe vertebrador do PDI que este curso leva por título “Galicia somos nós”, en relación con el está deseñado o proxecto e é por iso que a segunda parte leva por título “De Curtis para o mundo”. Así o proxecto intégrase dentro do PDI e contribúe a el, formando parte dos vídeos expostos no mapa interactivo.



- Procura bibliográfica: serve de lugar de procura de información conxunta usando as tablets da biblioteca, os ordenadores alí dispostos e os fondos dispoñibles en papel.
- Lugar de encontro, exposición e transmisión de coñecementos. Na biblioteca organizáronse as actividades principais do proxecto (visualización de vídeos, asembleas, procura de información e exposición aos compañeiros e compañeiras de 2º curso). Así pois a biblioteca é a ponte de encontro entre: os profesionais do sector que nos facilitan información coma “libros vivos” compartindo o seu saber e a súa experiencia con nós; por outra banda entre a aprendizaxe realizada pola nosa parte e o resto da comunidade educativa ao compartir o noso traballo no mapa interactivo.

**En resumo, a biblioteca é o punto de partida do proxecto establecendo as liñas de traballo, tamén e o lugar de realización de actividades, reflexión e reunión ademais de cumprir a súa función tradicional de acceso á información. Neste caso incluíndo un elemento innovador como é o das bibliotecas vivas (“bibliotecas vivientes”).**